

# Poesía metalúrxica

## Unha enigmática alquimia

ARMANDO REQUEIXO

Alfredo Ferreiro reúne na súa persoa dous talentos que non adoitan darse por xunto: a agudeza lectora como recoñecido crítico literario galego e o alento creador como poeta. Na primeira faceta é unha das sinaturas de referencia en medios como o suplemento *ProTexta*, a revista *Grial* ou o moi aplaudido blog literario *O Levantador de Minas*, pero é no que facer lírico onde Ferreiro leva andado un camiño máis descontinuo e, non por iso, menos intenso.

En efecto, o seu primeiro texto editado foi a plaquette *A areia que transforma punhos e conversas* (1995), coasinado co seu amigo o tamén poeta François Davó. A este caderno de versos seguiríalle outro en solitario, *A cidade engrinaldada* (1997), formando ambos parte dun proxecto de escrita colaborativa nacido a mediados dos noventa baixo o rubro de *Cadernos de Azertyuiop*.

O autor coruñés publica agora *Metal central*, poemario de apenas un par de ducias de composicións que, se casí, abundan para pór de manifesto a súa habelencia versal. E é que a de Ferreiro é unha poesía metalúrxica, onde o mundo dos metais constrúe un territorio parabólico no que o humano non se explica sen o concurso desa estraña siderurxia que nos conforma e nos rodea.

Como en tempos recuados -e, tamén si, como a propia cuberta do libro preanuncia en raptó visionario de Alberto Esperante-, mulleres e homes son vistos aquí como unha particular especie de máquinas nas que afunde, funde e se difunde o metal profundo. Unha vida, a nosa, que cobiza os metais preciosos, na que matamos e morremos a ferro, que perci-

be a arte como “chatarra”, detritos non operativos dun mundo no que só ten cabida o brillo da lámina metálica, as miserias do metal que nos goberna, como o Anel Único.

Desfilan así polo libro os mitos híbridos da balea mecánica (e metálica, xaora) na que nos perdemos como Xonás e mais as historias das Idades de Ouro, Prata e Bronce como ciclos naturais da nosa propia caducidade, pero tamén hai lugar para a orixe misteriosa do arcano dos metais que metamorfosean dende a súa inorganicidade térrea e química, para o desexo de fusión das almas e dos corpos atal nas fundicións dos altos fornos, para o medo metálico e a fragua dos



días e das paixóns, mesmo para a metafórica desaparición das máquinas entre “suspiros de bielas” e “bombas agonizantes”, iniciando así o regreso “ao paraíso/ pesado e puro/ da vida mineral”.

Alfredo Ferreiro, poeta do sector da densidade, como moi acadamente o alcuma Xosé María Álvarez Cáccamo no magnífico prólogo á obra, achéganos a épica férrea dun implacable mundo fábrica e lémbmanos, outra volta, que a poesía de noso posúe o segredo da enigmática alquimia que logra transmutar unha lingua de ferro en lingua de ouro.

*FERREIRO, Alfredo, Metal central, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, 45 páxinas*